

## DOCUMENTACIÓN COPLEMENTARIA

**Xunto co Anexo I e Anexo II debidamente cubertos, debe achegarse a seguinte documentación:**

a) Xustificante da matrícula para o curso académico 2025/26.

b) Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables. Se non ten libro de familia ou este non reflicta a situación, poderá acreditar o número de membros da familia utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:

1º. Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

2º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

c) Certificado de convivencia da persoa solicitante e os demais membros computables da familia no domicilio habitual nun municipio de Galicia.

d) Certificado oficial das notas del curso escolar 2024/25 e se non cursase estudos neste, o do último curso que realizase.

**De haber algunha das seguintes situacións, documentación que acredite esta circunstancia:**

1) Certificado de discapacidade da persoa solicitante ou de calquera membro da familia non expedido pola Administración autonómica.

2) Documentación xustificativa da exención do requisito de non repetir curso nin ter abandonado o curso iniciado.

3) Documentación acreditativa da concorrencia de circunstancias persoais ou familiares moi graves para eximir do requisito de accesibilidade aos estudos desde o lugar de residencia.

4) Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero. Poderá acreditarse en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

5) Resolución xudicial xustificativa do acollemento familiar.

6) Para acreditar vida independente respecto da unidade familiar (nos termos previstos no artigo 9.2 da orde): escritura de compra, contrato de alugueiro ou título que lexitima a ocupación da vivenda, recibos acreditativos do pagamento de subministracións (auga, luz, ...) e as retribucións ou calquera tipo de rendas que perciba suficientes para facer fronte aos gastos.

7) Documentación xustificativa de que é solicitante de programa Erasmus ou outro programa de intercambio.

8) Calquera outro documento que consideren conveniente.